



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 4 DE XULLO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de xullo do dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Javier Iglesias Sendín e Don José Prieto Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 20 de xuño do dous mil once (Ordinaria),coa salvedade relativa aos integrantes, polo cal onde di:

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de xuño do dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Anxo Collarte Pérez. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Debe dicir:

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catro de xullo do dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Javier Iglesias Sendín, e Don José Prieto Pérez

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/S/218.2/07.-

“Visto o escrito de Dona M^a Begoña Barreiro Miranda, onde solicita Licenza para a rehabilitación de vivenda unifamiliar, segundo Proxecto Básico e de Execución que se presenta.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 15 de xuño do 2011 no que se fan as seguintes consideracións:

“En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada”.

Visto o Informe Xurídico de data 1 de xullo do 2011 no que se fan as seguintes consideracións:

“Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas no correspondente informe técnico”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia para a reforma e ampliación dunha adega para vivanda unifamiliar a **Dona M^a Begoña Barreiro Miranda**, que deberá aboar polo concepto de Instalacións, Construcións e Obras o importe de 2.732,59 € .

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordinase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, ou no caso concreto licencia de apertura e entrada en funcionamento, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

Penalización: o incumplimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: rehabilitación de vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 105.099,64 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa San Martiño nº 4.

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: Don Maria Cristina Sabariz Rua.

Nome ou razón social do promotor: Don M^a Begoña Barreiro Miranda.

Prazos: O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de apertura provisional.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 105.099,64 €, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 2.732,59 € a ingresar.

Importe execución material / coste da obra:	105.099,64 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.732,59 €
Aboado por autoliquidación:	
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	2.732,59 €

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente.
- Estarase ó disposto no Informe do Arqueólogo Municipal de data 13 de xuño do 2011, que se acompaña:
 - o O inicio das obras de demolición interior e de realización das zanzas de saneamento deberán ser comunicadas á oficina do P.E.P.R.I., coa debida antelación, para levar a cabo o oportuno seguimento das mesmas.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1.- Comunicación da empresa CETEC Oficina Técnica con data RE 27 de xuño de 2011 N° RE 3376, mediante a que se solicita informe técnico pola supresión dun paso a nivel.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda remitir a solicitude a oficina técnica aos efectos de emisión de informe técnico sobre o solicitado.

CUALIFICACIÓN PROVISIONAIS.-

“Vista a solicitude de **Dona M^a Begoña Barreiro Miranda**, con domicilio na Urbanización Oasis de Benalmar, Rúa Mar Báltico 157, Benalmádena Costa, Málaga no que solicita subvención para actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a Rúa San Martiño nº 4, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude proponendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitude de información urbanística interesada por **Don Ricardo Alonso Rodríguez**, con domicilio a efectos de notificación en A Franqueiran, con número de rexistro de entrada 1807. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 23.06.11. A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en A Congrostra, A Franqueiran, (Ref. Catastral 32070A007000990000YJ), a solicitude de **Don Ricardo Alonso Rodríguez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitude de información urbanística interesada por **Dona Rosa Pérez López Rodríguez**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Isaac Piñeiro Varela nº 20, Ourense, con número de rexistro de entrada 3182. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 29.06.11. A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Celso Emilio Ferreiro nº 3 (antigo 5), baixo, (Ref. Catastral 05201/14), a solicitude de **Dona Rosa Pérez López**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

PRORROGA LICENZA.-

1.- Solicitude de Don Tomas A. Marchena Rodriguez con data RE 14 de xuño de 2011 N° RE 3068, mediante o que solicita unha ampliación do prazo para execución da licenza para derrubo de edificación, expediente RIB/N/34/10.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros unha ampliación do prazo inicial por un período de seis (6) meses que comenará a contar a partir da recepción da presente notificación.

2.- Solicitud de Dona Maria Libia Canitrot Ferreiro con data RE 24 de xuño de 2011 N° RE 3325, mediante o que solicita por non ter rematada a obra, unha ampliación do prazo para execución da licenza para cambiar balcón de ferro sito na esquina por outro de aluminio, cambiar 6 ventás de ferro por aluminio, cambiar sanitarios, calefacción eléctrica, pintura interior, colocacion de portas, expediente RIB/N/61/10.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros unha ampliación do prazo inicial por un período de seis (6) meses que comenará a contar a partir da recepción da presente notificación.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

1.-“Visto o escrito presentado por **CONSTRUCCIONES LOPEZ CARBALLAL**, con domicilio en Rúa Rodríguez de la Fuente nº 1, 1º E, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

2.-“Visto o escrito presentado por **Dona Mónica Rodríguez Boullosa**, con domicilio en Estrada de Francelos nº 36, 1º A, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Mariño, Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 20 de xuño do 2011 RE N° 3204, relativo a “*Expediente sancionador incoado contra Ayuntamiento de Ribadavia*”.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

2. Comunicación do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Mariño, Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 23 de xuño do 2011 RE N° 3310, relativo a *“Denuncia formulada por Milagros Lorenzo Gonzalez contra DESCONOCIDO por realización, del cierre perimetral de una finca en las proximidades de una levada de aguas privadas en el paraje denominado Monte de Avión, en el término municipal de Ribadavia (Ourense)”*.
3. Comunicación da Conselleria de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local con data RE 7 de xuño do 2011 RE N° 2883, relativo a deslinde de termos municipais, advertencia de caducidade.
4. Comunicación do Ministerio do Interior, Secretaría General de Instituciones Penitenciarias con data RE 8 de xuño do 2011 RE N° 2940, relativo a que un veciño do Concello deberá cumprir a pena de 22 XORNADAS de traballos en beneficio da comunidade.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros permitir a realización de xornadas en beneficio da Comunidade que se realizará de luns a venres de oito e media a duas e media, aínda que no seu caso o particular poderá optar por realizar estes traballos a fin de semana.

5. Comunicación do Ministerio do Interior, Secretaría General de Instituciones Penitenciarias con data RE 27 de xuño do 2011 RE N° 3381, relativo a que un veciño do Concello deberá cumprir a pena de 22 XORNADAS de traballos en beneficio da comunidade.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros permitir a realización de xornadas en beneficio da Comunidade que se realizará de luns a venres de oito e media a duas e media, aínda que no seu caso o particular poderá optar por realizar estes traballos a fin de semana.

6. Comunicación do Valedor do Pobo con data RE 21 de xuño do 2011 RE N° 3241, relativo a acuse de recibo do informe de data 6 de xuño, de que toman coñecemento do coñecemento do compromiso asumido de mellorar o camiño denominado *“As Velas”*.
7. Comunicación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar con data RE 22 de xuño do 2011 RE N° 3287, relativo a renovar os/as representantes nos órganos de xestión da escola infantil.
8. Comunicación da Xefatura Territorial da Conselleria de Economía e Industria con data RE 23 de xuño do 2011 RE N° 3316 sobre os dereitos mineiros que afectan ao Concello

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo S.rAlcalde relativo a adxudicación do contrato “*Instalación, explotación e mantemento de maquinas expendedoras nas instalacións deportivas municipais*” a empresa ROFERVENDING S.L.

No expediente constan os seguinte elementos:

- Prego de prescripcíons técnicas de data 05.06.2011.
- Consta informe de secretaria de data 26.04.2011.
- Invitación a 3 empresas para unha maior garantía do principio de concurrencia

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus asistentes a adxudicación de “*Instalación, explotación e mantemento de maquinas expendedoras nas instalacións deportivas municipais*” a empresa ROFERVENDING S.L. por ser a que presenta a oferta mais acorde co prego de prescripcíons técnicas

APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto de “Campo de Fútbol de Cespede Artificial” redactado polas arquitectos do concello Dona Mercedes Álvarez López e Dona Begoña Arregui Rodríguez cun presuposto de 300.000,00 €.

Dado que a redacción do proxecto non supón gastos para o concello no expediente constan os seguintes documentos:

1º.-Acta de replanteo de data abril do 2011 realizada polos Técnicos Redactores do proxecto.

2º.-Autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para a realización das obras.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros adopta os seguintes acordos:

1.- A aprobación do proxecto denominado “Campo de Fútbol de Cespede Artificial” por importe de 300.000,00 €.

2.-A posta a disposición dos terreos necesarios para a execución da obra a favor da deputación de Ourense.

3.-Nomear como tecnico director da realización das obras a Dona Begoña Arregui Rodríguez .



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

RECTIFICACION DE ERRO MATERIAL.-

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño do 2011 de outorgamento de licenza de obras:

Onde di: **Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 80.021,66 €, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 2.080,56 € a ingresar.

Importe execución material / coste da obra:	80.021,66 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.080,56 €	
Aboado por autoliquidación:		
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	2.080,56 €	

Debe dicir: **Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 80.021,66 €, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 2.080,56 € xa aboados.

Importe execución material / coste da obra:	80.021,66 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	2.080,56 €	
Aboado por autoliquidación:	2.080,56 €	
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	0,00 €	

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.